

~OS PROBLEMAS~

1 Cap : As rapazas especiais

Unha rapaza moi especial, coma o describen os adultos, é unha meniña con moitos problemas ou cun pensamento raro, con algunha dificultade para as cousas... A min non considerábanme unha meniña especial ata ter 11 anos , xusto antes do instituto, cousa que aos meus pais dáballes moito medo. Sobre todo a miña nai, que como meu pai dicía, era moi sobreprotectora, case envolvíame nun plástico de burbuxas. Meu pai tamén preocupábase bastante de min pero como eu quería pensar, non o mostraba tanto como o facía miña nai.

A min, a diferenza dá miña nai, o cambio de colexio ao instituto non me preocupaba moito, xa que só era un avance académico cun pequeno cambio de centro. Pero como as miñas amigas e amigos ían ir ao mesmo centro ca min, o asunto non me importaba moito, aínda que a miña profesora Marisol díxome que case seguro non iría na mesma clase ca todos os que eu coñecía e que me ían xuntar con novos nenos e nenas. Isto último era a única parte que si que me preocupaba un pouquiño, xa que non me resultaba moi fácil socializar con outros nenos dende que me dixeron que eu era unha meniña moi especial, e iso creábame moita impotencia sempre. Eu quería facer moitos amigos pero á hora de falar con novas persoas custábame moito falar cara a cara porque sempre tardo moito en dar a miña resposta, e cando penso iso, penso que é mellor quedarme calada non meu sitio no canto de ter que ter unha conversa con outro neno ou nena.

2 Cap : Os estudos

Os estudos eran outra cousa, xa que se me dan moi ben. Teño unha moi boa memoria, sobre todo teño memoria fotográfica. Todas as imaxes do meu día a día veñenme á cabeza cando vou a durmir e por iso cústame moito iso. Polo que meu doutor deume unhas gominolas que odio e que meus pais obríganme a tomar antes de ir á cama, cousa que as veces cústame máis do normal.

Saco case todos sobresaíntes, pero con isto novo de que son especial, miñas notas están baixando a notables. Isto aos meus pais non lles importaba, en cambio a min si, é moito. Todas as do meu grupo de amigas dín que saco moi boas notas e que por iso non teño por qué preocuparme por que ou primeiro é a miña saúde e a familia, cousa que cóstame bastante entender, xa que ninguén me deu esa información, polo que pódese dicir que é recente para min.

Miña clase saca bastantes malas notas pero eu sempre sacaba as mellores e ao afloxar case non supéroos, e por iso pñoome moi nerviosa cando me dan os exames. E por riba diso, cada vez son máis difíciles e os profesores máis estrictos. Un día que tiven que saír a pizarra para ver o exame que me daban, enfronte de todos, tiven que tentar facer a menor cara de sorpresa posible porque todo o mundo din que son moi expresiva, polo polo que tiña bastante medo da nota. Un 8,9 ! Sacara un oito con nove e non un nove coma sempre , fixen unha cara de sorpresa que viu toda a miña clase. Ese día deume moita vergoña ter que falar con alguén, polo que no recreo quedéime soa nunha esquina do baño e non xoguei como sempre facía á pelota, á corda, á mariola...

3 Cap : A peor fin de semana do mundo

Era unha fin de semana normal e corrente. O venres ao volver do colexio achegueime a casa dá miña avóa para comer e logo veu a miña nai a recollerme. Volvín á miña casa e fixen os deberes como calquera venres pero o peor chegou á hora de cear. Meus pais dixeéronme que tiñan unha noticia que dar-me, eu pensei que sería un can ou algo polo estilo pero de súpeto dixeron ao unísono:

-Non vas ir ao instituto cos teus amigos.

E dito iso miráronme con cara de pena cousa que non me gusta nada porque faime sentir pequena.

Eu non tiña nin idea diso e non o tomei moi ben pero polo menos non o exterioricei com houbese feito se estivera de mal humor, en cambio dixen:

-Entón voume quedar non colexio para sempre ?

Dixen iso e os mirei esperando unha resposta.

Esa noite explicáronme que ía ir a un colexio para nenos e nenas especiais e que como meus compañeiros non eran tan especiais coma min non ían poder ir comigo. Ese día miña mente explotou e coma non tiña fame, só xantei un iogur de amorodo con lacasitos. E fúnme á cama, e nin se quera fixéronme falta as gominolas para durmir, xa durmínmn eu soa soñando ou máis ben tendo pesadelos co que íame pasar no novo colexio.

O sábado tomando o almorzo, meus pais preguntáronme que qué me parecía iso do instituto para nenos e meniñas especiais. Eu non quería ser de todo sincera xa que cría que lles afectaría moito que eu sentírame coma me sentía con respecto ao novo cambio que me esperaba. E por riba, a miña nai estaba superpreocupada por min.

Sentíame moi mal pola miña nai. Pero no que máis pensei o resto do fin de semana era nas despedidas da semana seguinte. Cando acabase o colexio e tería que contarlles as miñas amigas que me ía a outro centro o próximo luns ou o día que se remataba de verdade o colexio.

4 Cap : As despedidas finais

Xa era luns e tocaba despedirme de todos os amigos e amigas porque así o había decidido e así o faría. Como imaxinaba a despedida máis dura foi a da miña mellor amiga, xa que era coa que máis tempo e risas compartira , pero meus pais dixéronme que poderíamos seguirmos vendo nas clases de pintura e as de teatro, xa que as dúas íbamos xuntas dende pequenas , polo que non foi tan tan despedida senón un ata pronto que tardaría uns meses.

Ese venres fun moi guapa coma dixera a miña nai esa mañá. Levaba un vestido rosa cunhas estrelas moi pequeniñas aos lados e polo borde. Cheguei ao colexio e antes de entrar xa se me caeu unha pequena bágoa e lle dixen a miña nai que fora o pó ou un pouquiño de pole que coárase pola ventá xa que era verán. Pero dáme a min que non sei se me creeu de todo.

Ao entrar recibíunos o director Suso que é moi maxo e sempre anda de bo humor. Cando todo o alumnado xa estaba listo, todos fumos ao escenario para facer a actuación que no noso caso era un baile cunha canción moi antiga que ninguén coñecía pero que tiña un ritmo moi pegadizo que facía que calquera movera o esqueleto. E todos os nenos, nenas e pais quedaron asombrados coa nosa actuación.

Pero eu non estaba tan contenta porque despois diso viría a entrega de diplomas e birretes de fin de curso e este ano tocábame a min e aos meus compañeiros. Pero todo foi como tiña plantexado e foi unha despedida moi emotiva e feliz.

5 Cap : O verán máis longo de todos

Despois da despedida de primaria achegábase o verán e ao principio foi moi divertido coas festas do pobo, as vacacions a distintos sitios, as visitas á casa dúas avós en Ourense... Pero iso acabouse as poucas semanas e eses días aburridos con condicións de calor asfixiante, comida fría que non me gustaba, e nin sequera veía aos avós nin aos curmáns.

Era ou verán máis longo que había en todo o universo. Os días pasaban como se lle pasase un camiión por enriba. Pero iso non era o peor, o peor chegou cando empezou a época de preparar todo para o instituto. Aquelo facíase insoportable. Sobre todo o ter que facerme a idea de ter que ir a un novo centro, con novas persoas e ter que facer novas amizades.

Todo ou mundo que me veía preguntábame se estaba preparada e todo iso, máis eu non lles contestaba coa verdade, xa que que lles importaba a eles saber da miña vida e o que pasaba nela. Pero recentemente estaba tendo un novo problema e era a miña aparencia. Non estaba crecendo como os demais nenos da miña idade e ata tiverónme que poñer lentes, xa que cada día vía peor, e iso alarmábame e poñíame dos nervios. Cada vez que algo ou alguén mo lembraba... O que unha vez dito, os meus pais dixéronme que pasábame iso xa que era unha meniña especial. Pero e se eu non quería ser unha meniña especial e quería ser unha meniña normal? E volver ao despreocupada que eu estaba antes de ser como meus pais dicían “especial”.

CONCLUSIÓN

Hai xente que desde que naceu ten certos problemas como o autismo , síndrome de down e outras moitas, e é unha desgraza xa que esas persoas viven a vida cunhas condicións diferentes á que a xente sen problemas (por así dicilo) non ten que enfrontarse e se o fixesen estou segura de que a máis dun resultaríalles frustrante , sentiríanse mal e desanimados a gran parte do tempo (incluíndome eu, por suposto).

E a xente sen problemas non ten que enfrontarse pero hai enfermidades como o cancro que poden aparecer a maior idade. E a moita xente un día pola tarde cambioulle a vida, empezan a ter cancro e teñen que adaptarse e cambiar o seu estilo de vida completamente e aínda que ás veces acaba ben outras non tanto.

Neste mundo é difícil que de súpeto non che cambie a vida pero hai unha pequena porcentaxe de xente que lle cambia para mal empezando a ter enfermidades raras e ás veces pouco tratadas nas súas cidades ou países. Pero esa xente segue loitando día tras día para poder seguir neste mundo e aproveitar o bonito que é vivir a vida tan marabillosa que nos tocou.

Aínda que desgraciadamente a maioría da xente que non lle pasou unha desgracia tan grande como a de ter unha enfermidade perigosa, cando ven a alguén que se non axudan só miran con cara de pena, e iso fai o efecto contrario de axudar; xa que se alguén lles mirase con pena, sentiríanse pequenos e débiles e non saben os problemas que xa teñen e miralos con pena non axuda e mesmo

moitas veces ata resta. É dicir, que se non vas axudar á xente, non lle cres máis complexos e se empático sempre, porque non sabes cando o enfermo podes ser ti.

Noa Fernández Novo